



CPI Plurilingüe dos Dices

Estimadas familias:

Mañá, 8 de setembro, arranca un novo curso que esperamos e desexamos resulte o mais produtivo e satisfactorio posible. Como novidade comezamos as tres etapas (Infantil, Primaria e Secundaria) o mesmo día.

Contamos con profesorado de nova incorporación, con alumnado que comeza a súa vida escolar no centro e alumnado de nova incorporación. A todas e todos, dende o equipo directivo, queremos darvos a benvinda e esperamos que este curso veña cargado de boas experiencias e mellores momentos.

Atrás quedaron todas as restricións derivadas da Covid-19, **coa excepción da obrigatoriedade do uso de máscara para o alumnado usuario do transporte escolar maior de 6 anos.**

Queremos aproveitar esta circular para recordar algúns aspectos xerais de organización do centro, tales como:

- O centro abrirá as portas ás 8:45 h para o alumnado usuario do transporte escolar e ás 8:55 h para o alumnado que non usa o transporte escolar.
- As familias do alumnado de educación infantil poderán acompañar aos seus/súas fillos/as ata a entrada do edificio de infantil.
- O horario de clases en Educación Infantil e Primaria será de 9:00 h a 14:00 h de luns a venres.
- O horario de clases en ESO será de 9:00 h a 14:40 h de luns a venres e ademais, de 16:40 h a 18:20 h só os luns.
- O horario de comedor será:

Educación Infantil e Primaria	De 14:00 h a 14:40 h, de luns a venres
Educación Secundaria Obrigatoria	De 14:40 h a 16:40 h, só os luns

Non dubiden poñerse en contacto co Centro ante calquera dúbida, necesidade ou imprevisto que poda xurdir, no teléfono 881866890 ou nos correos cpi.dos.dices@edu.xunta.gal comedor@cpidosdices.org

Un ano máis esperamos e desexamos un Feliz curso 2022- 2023.
A dirección